

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	6 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 20:38 ata as 21:23 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

Concello da Estrada



[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE XANEIRO DE 2020

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 9 de xaneiro de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE, EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA A FAVOR DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DE BEN PATRIMONIAL SITO NO LUGAR DE CANCELIÑA DA ZCP DE AGAR.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Outórgaselle a palabra ao Concelleiro delegado de Rural, **D. Juan Constenla Carbón**, quen comeza explicando que sométese a esta sesión o expediente relativo á cesión gratuíta a favor Consellería de Medio Rural do ben patrimonial sito no lugar de Canceliña, da Zona de Concentración Parcelaria de Agar, co fin de que os Servizos de Extinción de Incendios poidan reparar o pozo de auga alí existente e o seu traslado a outro punto e así utilizalo para combater os posibles incendios forestais; di que estamos a aprobar o inicio do expediente, procedendo despois á súa exposición pública durante un mes e, en caso de non haber alegacións, procederase á súa aprobación definitiva polo Pleno.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para facer fincapé en que o mantemento do acceso ao depósito veña por Medio Rural para que sexa operativo e que o Concello teña máis tento nas tarefas de competencia municipal en materia de prevención de incendios, en concreto, no se que refire á contratación das brigadas, neste caso aconsella iniciar antes o expediente e axilizar a sinatura do Convenio coa Xunta de Galicia, deste xeito evítase que volva a acontecer o deste ano, onde se puxeron en marcha no mes de setembro.

Para finalizar traslada o voto a favor do seu grupo a esta proposta.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a conveniencia e oportunidade de ceder a Consellería de Medio Rural, Distrito Forestal XVI, a finca número 414 do Plano Xeral da Zona de Concentración Parcelaria de Agar, ubicada no lugar de Canceliña

Visto o informe-proposta da Sra. Secretaria accidental de 03/01/2020, en relación co expediente relativo á cesión gratuíta a Consellería de Medio Rural do ben patrimonial sito no lugar de Canceliña, da Zona de Concentración Parcelaria de Agar.

Vista a conveniencia e oportunidade de ceder a Consellería de Medio Rural, Distrito Forestal XVI, a finca número 414 do Plano Xeral da Zona de Concentración Parcelaria de Agar, ubicada no lugar de Canceliña e cunha superficie de seis áreas e corenta centiáreas, por atoparse nun punto estratéxico para construír un depósito de auga para uso por parte do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia. Tendo en conta que nos últimos anos foi unha zona castigada polos incendios e que as brigadas propias da Xunta se unen durante a campaña de verán as contratadas polo Concello da Estrada mediante o convenio que subscribe coa Consellería de Medio Rural, este pozo serviría de punto de abastecemento para todas as brigadas que interveñan na zona, polo tanto redonda de maneira moi positiva na prevención e máis rápida extinción dos lumes que se producen nesa zona.

Vista a solicitude de data 17/10/2017 (Rexistro de Entrada nº 2017-E-RC-12201) do Xefe do Distrito Forestal XVI Deza-Tebeirós, no que se solicita a cesión en uso da parcela situada no lugar de Canceliña, parroquia de Agar, para utilizar un pozo de auga situado nese punto polo Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 21/03/2018.

Visto o certificado de Secretaría de data 19/03/2018, no que consta que o ben figura no Inventario de Bens do Concello da Estrada.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal, D. Ramón Brea Villaverde, de data 22/03/2018.

Visto o Certificado do Rexistro da Propiedade de data 26/03/2019, no que consta que a finca está inscrita en concepto de ben patrimonial.

Visto o informe de Secretaría de data 30/12/2019.

Visto o informe complementario do Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal, D. Ramón Brea Villaverde, de data 02 /01/2020.

Visto o informe de Intervención de data 03/01/2020.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 30/01/2020.

Vista a lexislación aplicable.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS** :

Primeiro.- Iniciar o expediente para ceder gratuitamente a favor da Consellería





de Medio Rural solicitante o seguinte ben inmueble:

- Finca 414 do polígono 4 destinada a masa común con Referencia catastral nº 36017D529004140000XM, no sitio de Canceliña, parroquia de Agar.
- Conta cunha superficie de 6 áreas, 40 centiareas.
- Linda: Norte con camiño e finca 306; Sur con camiño; Leste con camiño e finca 306; Oeste con camiño.

A Cesión realizárase por un período de 20 anos para usar o pozo existente na mesma como depósito de auga para o Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia; durante todo este tempo deberá manterse o destino para o que foi cedida.

Segundo.- Someter o expediente a un período de información pública por un prazo de vinte días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.estrada.sedelectronica.gal

Terceiro.- No caso de que non se presenten alegacións, o acordo plenario inicial elévase a definitivo, sen trámite adicional. No caso de existir alegacións, resolveranse polo Pleno Municipal.

Cuarto.- Remitir o expediente para seu coñecemento á Consellería competente en materia de Administración Local.

Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde do Concello da Estrada para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para formalizar a cesión á Consellería de Medio Rural.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se hai algunha moción de urxencia que se queira incluír fóra da Orde do Día.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para presentar unha moción de urxencia en relación á sobreira de Balboa, na parroquia de Arnois, a cal foi derrubada no pasado mes de decembro polo temporal “Fabien”, despois de máis de 500 anos de vida, habendo sido un dos símbolos máis senlleiros do noso patrimonio e sendo testemuña da historia de todo o concello da Estrada.

Xustifica a urxencia da moción en que a día de hoxe en que dita árbore continúa tirada no mesmo lugar, co perigo de que nalgún intre a corten e desapareza para sempre, lembrando que foi un dos elementos naturais máis identificativos do noso concello,

Por estes motivos, e ante o perigo de que isto poida acontecer en breve e desapareza definitivamente, considera urxente que polo Pleno se acorde negociar co/a propietario/a a cesión dos seus restos ao concello, co obxectivo da pervivencia pública da súa imaxe e memoria, mediante un concurso de ideas entre os veciños e veciñas da Estrada para darlle unha segunda vida a esta extraordinaria árbore e que continúe a ser motivo de orgullo para a veciñanza así como un motivo de disfrute para tódalas persoas que nos visiten.

Procédese a votar a urxencia desta moción, aprobándose por unanimidade, polo que procédese a incluír esta moción fóra da Orde do Día desta sesión e, seguidamente, ao seu debate.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5GWEGWY15J1QHP2J7NP52KLGC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 12



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, POLA QUE PROPÓN A TOMA DE MEDIDAS PARA ACADAR A PERVIVENCIA DA IMAXE E MEMORIA DA SOBREIRA DE ARNOIS.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Procede á **Sra. Camba Castro** á lectura da moción que presenta nesta sesión (non consta rexistro de entrada), a cal transcríbese literalmente de seguido:

“ ...

A sobreira de Balboa, na parroquia de Arnois, foi derrubada no pasado mes de decembro polo temporal “Fabien”, despois de máis de 500 anos de vida.

As árbores forman unha parte importante dentro do patrimonio medioambiental en tódalas culturas e esta sobreira era un dos símbolos máis senlleiros do noso patrimonio, sendo testemuña da historia de todo o concello da Estrada. Porén, a día de hoxe continúa tirada no mesmo lugar, co perigo de que nalgún intre a corten e desapareza para sempre un dos elementos naturais máis identitarios do noso concello.

Por estes motivos, e ante o perigo de que isto poida acontecer en breve e desapareza definitivamente, solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Negociar co propietario/a a cesión dos seus restos ao concello, co obxectivo da pervivencia pública da súa imaxe e memoria.

SEGUNDO. Que o goberno municipal abra un concurso de ideas entre os veciños e veciñas da Estrada para darlle unha segunda vida a esta extraordinaria árbore e que continúe a ser motivo de orgullo para a veciñanza así como un motivo de disfrute para tódalas persoas que nos visiten.”

Intervén o Concelleiro delegado de Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M. Constenla Carbón**, para informar que, dende o momento no que o temporal derrubou a sobreira de Balboa, este Concello púxose en contacto con Patrimonio da Natureza para que procederan a valorar a posibilidade da súa recuperación, desafortunadamente comunicaron que esta opción era imposible polo seu mal estado, comunicándolle ao propietario da leira a desafectación como árbore senlleira e, como tal, pasaba a ser propiedade do dono, non sabendo se a día de hoxe dito propietario presentou algunha alegación á devandita desafectación, sen embargo, vaise a informar sobre este asunto; pero o que si está claro é que a sobreira está morta e, polo tanto, non é recuperable.

A **Sra. Camba Castro** aclara que coa súa moción non se pretende recobrar a sobreira, senón de recoller, aínda que sexa un anaco, e poder facer con el unha escultura ou outro elemento, dándolle unha nova utilización, para elo propón que se organice un concurso para que os/as nosos/as veciños/as aporten ideas a este respecto.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, para mostra a súa conformidade con esta iniciativa, sen embargo, considera que deberíase ter en conta a opción de elaborar un plan de conservación e posta en valor doutros elementos semellantes do noso patrimonio natural, mediante a custodia e coidado polo noso Concello, propoñendo que se inclúa como un punto máis no acordo a adoptar nesta sesión ou ben tratalo como outra iniciativa.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5GWE6WY1M5J1Q1HP2J7NP52KLGC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 12



Intervén a voceira do grupo municipal de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, mostrando a súa conformidade coa moción que se está a tratar, estando a favor da defensa e mantemento óptimo de todo o noso patrimonio natural e a súa posta en valor, ao igual que coa proposta de abrir un concurso para que a nosa veciñanza participen coas súa ideas para así gardar parte desa sobreira como recordo da súa existencia.

O **Sr. Alcalde** abre a votación desta moción, considerando que a proposta do voceiro do grupo socialista debe ser obxecto doutra moción para ser tratada debidamente segundo o procedemento que corresponda.

Non habendo máis intervencións, sómete o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada nesta sesión pola voceiro do grupo municipal do BNG, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“ ...

A sobreira de Balboa, na parroquia de Arnois, foi derrubada no pasado mes de decembro polo temporal “Fabien”, despois de máis de 500 anos de vida.

As árbores forman unha parte importante dentro do patrimonio medioambiental en tódalas culturas e esta sobreira era un dos símbolos máis senlleiros do noso patrimonio, sendo testemuña da historia de todo o concello da Estrada. Porén, a día de hoxe continúa tirada no mesmo lugar, co perigo de que nalgún intre a corten e desapareza para sempre un dos elementos naturais máis identitarios do noso concello.

Por estes motivos, e ante o perigo de que isto poida acontecer en breve e desapareza definitivamente, solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Negociar co propietario/a a cesión dos seus restos ao concello, co obxectivo da pervivencia pública da súa imaxe e memoria.

SEGUNDO. Que o goberno municipal abra un concurso de ideas entre os veciños e veciñas da Estrada para darlle unha segunda vida a esta extraordinaria árbore e que continúe a ser motivo de orgullo para a veciñanza así como un motivo de disfrute para tódalas persoas que nos visiten.”

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Negociar co propietario/a a cesión dos seus restos ao concello, co obxectivo da pervivencia pública da súa imaxe e memoria.

Segundo.- Que o goberno municipal abra un concurso de ideas entre os veciños e veciñas da Estrada para darlle unha segunda vida a esta extraordinaria árbore e que continúe a ser motivo de orgullo para a veciñanza así como un motivo de disfrute para tódalas persoas que nos visiten.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5GWEGWY15JLQHP2J7NP52KLGC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 12



DACIÓ DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE XANEIRO DE 2020

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e o 31 de xaneiro de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0001 ao número 2020-0115 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para, en primeiro lugar e en relación á colocación nestes últimos días de contedores de recollida de aceite (cré que son dunha empresa privada), preguntar cal foi o criterio, que considera discrecional, usado polo grupo de goberno para a autorización da colocación destes contedores.

Resposta o **Sr. Alcalde** que descoñece ese tema e se lle contestará por escrito.

Continúa o **Sr. López Bueno** dicindo, en relación á Avda de Santiago, de que esta atópase en moi mal estado, sobre todo o seu firme, o que se traduce en varias queixas veciñais, incluso constituíuse unha plataforma para reclamar a mellora deste vial; e, a este respecto, pregunta se o Concello comprométese para o exercicio 2020, e coa partida orzamentaria ao efecto, a facer unha actuación sobre a estabilización do solo e a reposición integral do firme no tramo máis baixo da Avenida de Santiago.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que na Avenida de Santiago fixéronse un número importante de actuacións, tales como a instalación dun parque infantil, unha importante obra de saneamento e que supuxo un alto investimento, un asfaltado integral por importe de máis de 230.000 euros, etc; aínda que no tramo final que entronca a PO-841 coa Rúa da Cultura existe un tránsito importante e, por iso, estase a estudar cos técnicos municipais a posibilidade de facer unha importante actuación mediante o acondicionamento dos vehículos pesados nesa zona obrigándoos a circular por outras zoas, pero non é fácil, así que se están tamén estudando outras actuacións; así que, cando se teña unha solución definitiva a este problema procederase a acometela o antes posible, porque o proceder novamente á pavimentación non é a solución adecuada, o que se demostrou con anteriores actuacións en que o firme non soportou o paso dos vehículos pesados.

O **Sr. López Bueno** entende que ese problema non é importante para el, non habendo contestado á pregunta tal e como foi formulada. Seguindo coa súa intervención e, ao respecto da Relación de Postos de Traballos aprobada sen o consenso de todos os sindicatos e derrotada unha e outra vez nos Tribunais, atópase neste momento nun brete debido á última sentenza que pon fin á vía xudicial e que obriga a facer oito actuacións sobre a RPT, e o informe de Secretaría recomenda levar a retroacción ata o momento anterior á Sentenza, non entendendo o por que non foi suficiente o informe de Secretaría, senón que solicitáronse informes fóra do Concello para a aplicación deste Sentenza, o que se traduce nunha desautorización á figura da Secretaria. En atención ao anterior, formula as seguintes preguntas: en primeiro lugar, se se ten pensado corrixir neste exercicio a RPT en cumprimento da nomeada Sentenza e, en segundo lugar, se se verán

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5GWFCWY15JLQHP2J7NP52KLGC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 12



contempladas nas partidas de persoal esa nova RPT ou ben se haberá unha previsión de fondos para acometer os eventuais gastos que haia que facer.

O **Sr. Alcalde**, en resposta á anterior intervención, di que o tema da RPT é moi complexo, de feito nunca houbo unha relación de posto de traballo na historia deste Concello, lembra que durante o goberno dos socialistas presentouse a primeira Relación de Postos de Traballo, sen embargo non foron capaces de acadar a maioría necesaria para a súa aprobación, deixando esta responsabilidade ao actual grupo de goberno. Di que, ao igual que hai unha Sentenza e unha petición dun sindicato para a execución da mesma, informa que tamén hai presentada unha incidencia polo Concello da Estrada onde se establece perfectamente cal é o item procedimental e o compromiso que ten este goberno coa RPT; e, dirixíndose ao voceiro do grupo socialista, pregúntase se este o sabía ou simplemente o omitiu voluntariamente, no primeiro caso ofrece facerlle chegar unha copia desa proposta que se lle fai á Sala para a RPT, porque existe unha vontade do grupo de goberno de facer cumprir o dito na Sentenza, pero tamén hai que entender que non sinxelo, porque o Fallo obriga a facer unha serie de modificacións na RPT, entre elas aquela que afecta á cuantificación económica, e neste punto existe uns informes das Sras. Interventora e Secretaria que limitan bastante a capacidade de actuación ante a capacidade orzamentaria do Capítulo I.

Continúa dicindo que, ante a situación actual, pediuse á Sala a concesión dun prazo aproximado de 10 meses para ir cumprindo os pasos que marca a Sentenza e retrotraer o trámite da RPT a antes da aprobación e contar cun informe de Intervención favorable. Di que nestes momentos están barallándose varias opcións, contando cun equipo cualificado para que nos guíe na forma máis adecuada para adaptar esa Sentenza á RPT e que recolla a realidade da xestión do noso Concello. Espera que a Sala se pronuncie nas vindeiras semanas.

O **Sr. López Bueno**, en relación ás alusións feitas polo Alcalde ao goberno socialista cando estivo no poder, di que xa é hora que o actual grupo de goberno empece a asumir ás súas responsabilidades; pero, en calquera caso, advirte que despois de nove anos aínda estamos sen RPT. En canto aos incidentes, di que estaba informado de que estaban requiridos e simplemente responderon. Por outra banda, observa que non hai un compromiso claro do grupo de goberno para que a execución dese Sentenza se cumpra este ano.

O **Sr. Alcalde** non sabe cal é o rogo ou pregunta do Sr. López Bueno, sendo demasiado presuntuoso, sen embargo, reitera que hai unha Sentenza e, no prazo dado de dous meses, se lle presentou ao órgano xurisdiccional que a ditou unha proposta razoable e que se está á espera da súa valoración e estimación, habendo dous camiños, un é o cumprimento estrito da Sentenza; tamén é verdade que hai diferentes criterios na súa interpretación, algúns sindicatos consideran que a RPT está en vigor e hai que aplicala e outro, sen embargo, consideran o contrario. Di que lévanse celebrado moitas Mesas de Negociación e nelas comunicouse que se ía a propoñer á Sala a execución da Sentenza e unha adaptación da RPT nun prazo de 10 meses, segundo calendario fixado; polo tanto, á pregunta feita polo grupo socialista sobre se se aplicará este ano, di que dende que conteste a Sala haberían 10 meses para a execución e posta en marcha da RPT. Ante o anterior, di que o seu grupo de goberno, sen incumplir ningún límite orzamentario e legal, intentará cumprir dentro das posibilidades cos compromisos e obxectos que sexan marcados dentro da nomeada RPT ao abeiro dos pasos marcados no procedemento de tramitación.

Pide a palabra a voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, e antes de entrar na súa intervención, transcríbense a continuación os escritos presentados con data

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5GWECWY15JJIHP2J7NP52KLGC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 12



05/02/2020 como “Rogos e Preguntas” a esa sesión, rexistrados de entrada ao Pleno con nº 2020-E-RPLN-1, e que se transcriben de seguido:

1.- “Asunto: Información Urbanismo.

Contido da Solicitude:

Mar Blanco Casais, concelleira polo grupo Móvete na Corporación Municipal da Estrada, solicita a seguinte información que consta no departamento de Urbanismo:

- *Prazo medio de resposta para emisión do informe e posterior concesión de licenzas de obra.*
- *Número de permisos de obra rexistrados nos últimos 4 anos.*
- *Número de licencias concedidas nos últimos 4 anos.”*

2.- Asunto: Información Servizos Sociais.

Contido da Solicitude:

Mar Blanco Casais, concelleira polo grupo Móvete na Corporación Municipal da Estrada, solicita a seguinte información que consta no departamento de Servizos Sociais:

- *Conta o Concello da Estrada con plans de Igualdade e de Diversidade? No caso de contar con ditos plans requerimos copia dos mesmos.*
- *Número de persoas beneficiarias do SAF*
- *Lista de agarda de persoas con algún grado de incapacidade recoñecida para acceder ao SAF.*
- *Lista de agarda de persoas a espera de recoñecemento de incapacidade para acceder ao SAF.*
- *Lista de agarda do SAF.*

A continuación, entrando na súa intervención, a Sra. Mar Blanco comeza dicindo que, co fin de fixar poboación no noso rural, é esencial mellorar os seus servizos, entre eles a necesidade de mellorar o transporte escolar como factor importante para garantir o dereito á escolarización e mellorar a conciliación familiar, sendo necesario que a Xunta flexibilice os criterios seguidos para a instalación de paradas de transporte (2 quilómetros) para adaptar este servizo ás necesidades dos veciños e veciñas do noso rural. En relación ao anterior, é coñecedora que existen peticións para instalar paradas en San Martiño - Barbude e en A Grela - Codeseda, porque aínda que non se cumpre o requisito de 2 quilómetros son necesarias, polo que pide que se poñan todos os medios para facerlle entender á respectiva Consellería que é moi importante flexibilizar este criterio e así garantir este servizo básico no rural e que non contribúe a fixar poboación.

Tamén prega que sexan arranxadas as maquesiñas de paradas de autobús e tamén fai fincapé no mantemento e mellora de todas as existentes.

Continuando coa súa intervención, traslada a solicitude (xa presentada o pasado 17 de xaneiro por rexistro de entrada no Concello) dos veciños de Ribas de Veá, parroquia de Sta. Cristina de Veá, para que se mellore a canalización de auga que pasa polo lugar e diante das súas casas, xa que polas pasadas choivas desbordan os canais producindo inundacións no baixo dunha das casas e, incluso, no primeiro andar da vivenda e, por tal motivo, tiveron que acudir operarios do Concello e membros de Protección Civil, incluso os primeiros lles dixeron que volverían para a arranxar a canalización, sen embargo a día de hoxe non se fixo nada.

Traslada tamén as queixas dos veciños da parroquia de Loimil en relación co Cruceiro existente no lugar de Outeiro, entre as parroquias de Loimil e Oca, ao cal se lle desprazou unha das pedras da base co conseguinte perigo de derrube, polo que instan para que o Concello proceda ao seu arranxo.

Pregunta sobre o estado no que se atopa a tramitación do plan de sinalización no rural, aprobado grazas a unha iniciativa de Móvete.

Pregunta tamén en que punto de tramitación están os Orzamentos do exercicio

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



2020, porque xa levamos dous meses de atraso para a súa aprobación e, a pesares de que estamos ante un goberno de maioría absoluta, quere instar para que se permita aos grupos da oposición facer propostas, aínda que o goberno non ten a obriga de negociar.

Pregunta tamén en que punto está a implantación do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) xa que non sabe que previsión ten o grupo de goberno para a súa posta en funcionamento.

Resposta o **Sr. Alcalde**, en relación ao SIR, que a Sra. Secretaria lle comunica que GESTIONA informou que o vindeiro mércores van a integrar na plataforma este rexistro, despois de moitos meses reclamando dende o Concello a súa posta en funcionamento, pero, segundo parece, a demora debíase a problemas co Ministerio; di que é verdade que existen moitos problemas para o noso rexistro central e tamén para os veciños por non dispoñer do SIR, sobre todo cando outros organismos públicos non permiten outro sistema de envío de documentación que non sexa a través deste sistema.

En canto á pregunta sobre o Orzamento 2020, estase a traballar co departamento de Intervención, informando que a principios deste ano xurdiron certos problemas que afectaban ás partidas de persoal, ademais de outros de carácter persoal que afectan aos traballadores adscritos a este departamento, facéndose un esforzo moi importante para sacar adiante o proxecto de Orzamento. Di que a día de hoxe cúmprese co período medio de pagamento, gracias ao esforzo do persoal de Intervención por mor da situación precaria no que se atopa dito servizo; e, nestes momentos, están a traballar coa Liquidación do exercicio 2019 e co borrador do Orzamento do 2020, esperando que ao longo deste mes de febreiro podamos xa aportar á oposición documentación do expediente para que así poidan facer algunha aportación.

No que se refire ao Plan de Sinalización, di que a día de hoxe está elaborada unha planimetría que contempla sinalizacións de lugares, parroquias, núcleos de poboación, elementos patrimoniais e turísticos, estándose a elaborar un documento íntegro que afecta a todo o ámbito territorial do municipio, supoñendo un importe de ao redor de 800.000 euros, o que supón a necesidade de acometer este proxecto en varias fases e espera que nas vindeiras semanas teñamos máis información.

No que respecta ao cruceiro de Loimil, darase conta á brigada de obras para que procedan ao seu arranxo.

En canto á canalización de Riba de Vea, di que é descoñecedor dese problema, pero tamén se lle ordenará á brigada de obras para que no menor tempo posible fagan os traballos necesarios para a súa mellora.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, para trasladar os seguintes rogos e preguntas: en primeiro lugar traslada as queixas veciñas para que se proceda a arranxar a pista que une San Bartolomeu - San Xiao de Vea con Ribeira - Santo Tomé de Vea, porque aínda que é moi estreita ten moita afluencia de tráfico, e na actualidade está nun estado lamentable.

Resposta o **Sr. Alcalde** que existe un problema cun veciño, o cal está a tapar constantemente un foxo desa estrada, provocando un desborde de auga e que deteriora o firme do vial; aínda que se foi varias veces alí para desatascar e limpar o foxo, volve a estar outra vez tapada. Informa que se está a intentar solucionar este problema, pero reitera que hai por medio un conflito entre particulares por temas de auga, pero intentarase arranxar esta situación e tamén proceder á reparación desta pista.

(HAI UNHA INTERVENCIÓN DOUTRO/A CONCELLEIRO/A, PERO NON SE APRECIA NO AUDIO POR NON CONECTAR O MICRÓFONO)





Continúa a **Sra. Camba** informando que existe outra pista en mal estado, concretamente a que vai dende Santo André de Veá a Requián, e que necesita dunha urxente intervención, sobre todo no tramo preto da Igrexa de Santo André. Ao igual que o tramo en Chaín, preto de Frades, o cal está cheo de buracos, polo que necesite un recheo e acondicionamento do seu firme.

O **Sr. Alcalde** di que ten constancia do mal estado destes viais, ao igual que outras estradas do municipio, e que supón un investimento de tres millóns catrocentos mil euros, segundo unha relación elaborada polos técnicos municipais, obras que hai que emprender nos vindeiros anos en base ao obxectivo do grupo de goberno de investir cinco millóns de euros agrupados en varios proxectos, o primeiro deles espera acometelo neste mes de febreiro con cargo ao Plan Concellos da Deputación.

A **Sra. Camba Castro** transmite o rogo dun veciño para que se arranxe o problema existente na rede de sumidoiros da Avenida de Leicures, o que se tratou noutra sesión plenaria, polo que pregunta se se fixo algo ao respecto.

O **Sr. Alcalde** lle responde que ese problema ten solución, pero non a curto prazo, xa que a rede existente é moi escasa para dar cabida ás augas que veñen da Praza da Feira, polo que cando chove, e por mor de que non están moi ben separadas as fecas das pluviais, provoca un desbordamento na fachada do comercio propiedade dese veciño. O que se está a facer é valorar a realización dunha actuación no entronque da Rúa 25 de Xullo coa Avenida Leicures, mediante a súa incorporación nun proxecto global para a mellora da rede de saneamento nesa zona en varias fases. Finalmente di que non pode dar datas, pero se está a traballar para a acometer esta importante obra.

A **Sra. Camba** manifesta o seu desexo de que se lles facilite ese proxecto cando estea redactado, ademais, precisamente o deterioro da rúa 25 de Xullo era outro rogo que se ía a presentar.

Continúa informa que o contedor de lixo sito diante dun bloque de edificio en fronte da gasoliñeira abre xusto en dirección a unha taxea, dificultando a súa apertura para verter o lixo, sobre todo ás persoas maiores ou con mobilidade reducida, polo que pide que sexa modificada a súa ubicación.

Prega que sexan retirados os cables que suxeitaban o alumado de Nadal existentes en varias rúas.

O **Sr. Alcalde** lle informa que a empresa responsable do alumado de Nadal aínda está a retirar os elementos colocados nestas datas e, proximamente procederán quintar os cableados, e tan pronto a empresa lle comunique a previsión da súa retirada se lle comunicará.

Continúa a **Sra. Camba Castro**, reiterando a pregunta sobre se realmente o grupo de goberno sabe onde se atopa o cruceiro de Orxamerxe, porque lle gustaría velo.

O **Sr. Alcalde** lle responde que cando queira amósanlle onde está, porque está custodiado no Concello e, cando remate esta sesión, llo amosa.

Non habendo máis intervencións polos concelleiros/as presentes, o Sr. Alcalde pregunta, en cumprimento do establecido no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa do público asistente quere intervir, non habendo, levántase a sesión sendo as vinte unha hora vinte e tres minutos do día do seu comezo.





DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 5GWEGWYMSJQHP2J7NP52KLGC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233